



MEMORIA DE ACTIVIDADES CURSO 2013-2014

Consello Escolar de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Índice

Consello Escolar de Galicia

ÍNDICE

1.- Limiar	05
2.- Composición do Consello Escolar de Galicia.....	07
3.- Actividade do Consello Escolar	
3.1 Sesións plenarias.....	14
3.2 Asistencias ás sesións do pleno.....	21
3.3 Comisións permanentes.....	22
3.4 Asistencias ás sesións da comisión permanente.....	34
3.5 Aprobación da memoria de actividades do curso	
2012-2013.....	35
4.- Competencias do Consello Escolar e do seu presidente.....	36
5.- Ditames elaborados	39
6.- Participación en actos, congresos , reunións	54
7.- Resumo económico	57

Limiar

1

LIMIAR

O Consello Escolar de Galicia, coma órgano superior de consulta e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino, publica esta Memoria do curso escolar 2013/2014 para dar conta das actividades desenvolvidas no seu seo a través de distintas sesións en Pleno e Comisión Permanente, especialmente na elaboración de ditames sobre textos legais e na presentación de propostas.

Composición do Consello Escolar

2

COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Presidente:

Jesús Vázquez Abad (Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria)

Vicepresidente:

Fernando del Pozo Andrés (Administración Educativa)

Representantes de:

Profesores do Ensino Público:

Consuelo Campos Acedo (CIG)
Xesús Fernández Rivas (CIG)
María Luz López Pérez (CCOO)
José Raúl Gómez Farto (FETE – UGT)
Manuel Astariz Castro (ANPE GALICIA)

Profesores do Ensino Privado

Purificación Bernárdez Álvarez (CCOO)
Armindo Francisco Mera (FSIE – GALICIA)
Gerardo Morano Díaz (FETE – UGT)

Nais e Pais de Alumnos

Sara Inés Vega Núñez (CONFAPA)
Helena Gómez Vecino (CONFAPA)
Elvira Lombao Vila (CONFAPA)
Jorge Javier Villarino Rodríguez-Rey (CONGAPA)
María Paz García Fernández de Bescansa (CONGAPA)

Alumnos:

Vacante

Persoal de Administración e Servizos:

Vacante
Ángeles Vilarnovo Cova (UGT)

Titulares de Centros Privados:

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensino Privado)
Xosé Francisco Martínez Reboiras (Federación de Centros de Educación e Xestión)

Centrais Sindicais:

José Manuel Fuentes Fariña (CCOO)
Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez (CIG)
Marcelino Brea Mella (UGT)

Organizacións Empresariais:

José Luis Liñares Louzao (Confederación de Empresarios de Galicia)

José Álvarez Carpintero (Confederación de Empresarios de Galicia)

Profesores propostos polos Movementos de Renovación Pedagóxica:

David Mazaira Fernández (Federación Galega de MRPs)

Mercedes Espiño Amil (Coordinadora Galega de MRPs)

Xosé Ramos Rodríguez (Coordinadora Galega de MRPs)

Administración Educativa:

María del Carmen Cimadevila Cea

José Manuel Pinal Rodríguez

Jesús Oitavén Barcala

Valentín García Gómez

Manuel Corredoira López

Fernando del Pozo Andrés

Administración Local:

María Pilar López García

César Longo Queijo

Olga Alonso Suárez

José Antonio Vigo Lago

Miguel Domínguez Alfonso

Francisco Magide Bizarro

José González Barcia

Manuel Luis Álvarez Angueira

Universidade:

María Pilar Jiménez Aleixandre

Antonio Vara Coomonte

Personalidades de Recoñecido Prestixio

Venancio Graña Martínez

Daniel Barata Quintas

Seminario de Estudos Galegos

Antón Costa Rico

Consello da Xuventude de Galicia

Pedro García Puig

Secretario

José Alejo Losada Aldrey

Delegación de funcións:

Por Orde do 9 de xaneiro de 2006 (DOG do 27 de xaneiro de 2006) o Presidente delega as súas funcións no Vicepresidente.

Baixas e altas de membros no Consello:

No curso 2013-2014 tivo lugar a substitución dos membros do consello que se indica :

Publicadas no DOG do 12 de decembro de 2013:

Baixa	Alta
Elvira Lombao Vila	Alberto Pita Castelo
David Mazaira Fernández	José Luis Fernández Díaz

Publicada no DOG do 24 de decembro de 2013:

Baixa	Alta
Marcelino Brea Mella	Jorge Abrahan Vila Álvarez

Publicada no DOG do 3 de abril de 2014

Baixa	Alta
Jorge Javier Villarino Rodríguez-Rey	María José Mansilla Chao

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Presidente:

Fernando del Pozo Andrés

Vogais:

José Raúl Gómez Farto

José Antonio Moar Armas

Helena Gómez Vecino

Daniel Barata Quintas

María Pilar López García

Secretario:

José Alejo Losada Aldrey

Actividade do Consello Escolar

3

ACTIVIDADE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Durante o curso 2013-2014 que, segundo o calendario escolar, abarca dende o día 1 de setembro de 2013 ata o día 31 de agosto de 2014 o Consello Escolar de Galicia realizou a seguinte actividade:

- Sesións plenarias.
- Comisións permanentes.
- Aprobación da memoria de actividades do curso 2012-2013.

3.1 SESIÓNS PLENARIAS

O Pleno do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2013-2014 en catro ocasións nas seguintes datas:

SESIÓNS DO PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

11 de decembro de 2013

16 de xaneiro de 2014

12 de xuño de 2014

25 de xuño de 2014

1	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	11 de decembro de 2013	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17:00 a 19:10	Asistentes	29 de 45 (64,4%)

ORDE DO DÍA

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

2.- Informe da presidencia:

- Cesamentos e nomeamentos no Consello Escolar de Galicia.
- Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- Estudo da participación das familias na educación escolar dos seus fillos.

3.- Aprobación da Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia do curso 2012-2013.

4.- Ditame sobre os nove (9) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos dos títulos de formación profesional:

- técnico superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.
- técnico en navegación e pesca de litoral.
- técnico en aproveitamento e conservación do medio natural.
- técnico en operacións subacuáticas e hiperbáricas.
- técnico en vídeo, disc-jockey e son.
- técnico superior en transporte e loxística.
- técnico superior en acuicultura.
- técnico superior en marketing e publicidade.
- técnico en mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións.

5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba.

O Sr. Vicepresidente dá conta da substitución de catorce membros do Consello Escolar de Galicia como consecuencia da renovación por metades regulada no decreto de regulamento interno do Consello. Agradece aos membros que cesan a actividade que desenvolveron neste órgano e dálle a benvida aos conselleiros entrantes desexándolles que o seu traballo neste órgano de participación sexa proveitoso e fructífero para o Consello e enriquecedor para eles.

Informa que o XXII Encontro dos Consellos Escolares Autonómicos e do Estado vaise celebrar en Asturias os días 8, 9 e 10 de maio de 2014 e versará sobre o tema: "As escolas de éxito. Características e experiencias". No programa do Encontro figura a realización dunha

exposición sobre experiencias de escolas de éxito entendendo que “escola de éxito” é un centro escolar que consegue os seus obxectivos educativos calquera que sexa o contexto socioeconómico ou sociocultural e as características persoais do alumnado.

Informa tamén que a Xunta de Participación Autonómica está a realizar un estudo que ten por finalidade coñecer a participación e a implicación das familias na educación escolar dos seus fillos. O estudo, que consta dunha parte teórica, na que están traballando tres grupos de expertos e dunha parte empírica, estará rematado logo de verán e nese momento darase a coñecer a toda a comunidade educativa.

Debátese a continuación a aprobación da memoria de actividades do curso 2012-2013. Nela recóllese a composición do Consello, a actividade realizada durante o curso: as sesións plenarias e as comisións permanentes, a asistencia ás mesmas, as competencias do Consello e do seu presidente, os ditames elaborados así como a participación en actos, congresos e reunións. Inclúe tamén un resumo económico.

Finalmente trátase o ditame sobre os nove proxectos de decreto que figuran no punto cuarto da orde do día. O Sr. Vicepresidente informa que se presentaron 23 emendas, 8 de CCOO, 10 de CIG, 5 de UGT. A Comisión Permanente elaborou un ditame provisorio con catro puntos. Apróbase o ditame elaborado pola comisión permanente.

Presentouse un rogo e unha pregunta.

2	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	16 de xaneiro de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 16:30 a 20:45	Asistentes	31 de 45 (68,8%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Preséntase unha observación á acta que a continuación é aprobada por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que dende o último pleno que se realizou en decembro, publicáronse dous decretos polos que se substituíron tres membros do Consello Escolar de Galicia. Aos cesantes agradécelles o seu traballo neste Consello na medida en que colaboraron activamente na elaboración e aprobación dos ditames. Aos que se nomean dálles a benvida e deséxaselles que o seu traballo sexa proveitoso para o Consello e enriquecedor para eles.

Trátase o ditame sobre o proxecto de decreto que figura no punto 2 da orde do día. Presentáronse 83 emendas, 16 de CCOO, 8 de UGT, 1 de FSIE, 39 de CIG, 10 da Coordinadora Galega de MRP e 9 de CECE. Unha delas é unha emenda á totalidade. A Comisión Permanente elaborou un ditame provisorio con cinco puntos.

Comézase o debate pola emenda á totalidade que é rexeitada.

A continuación débátese sobre o resto das emendas presentadas procedendo finalmente a votación do ditame provisorio que incorpora as emendas aprobadas na sesión, quedando aprobado

Presentouse un rogo.

3	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	12 de xuño de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 17:00 a 21:05	Asistentes	35 de 45 (77,7%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- 4.- Ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de tres títulos de artes plásticas e deseño (fotografía, gráfica publicitaria e ilustración) e sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba.

O Sr. Vicepresidente informa que se publicou un decreto polo que se substitúe un membro do Consello Escolar de Galicia. Ao cesante agradécelle o seu traballo neste Consello na medida en que colaborou activamente na elaboración e aprobación dos ditames. Á que se nomea dálle a benvinda e deséxaselle que o seu traballo sexa proveitoso para o Consello e enriquecedor para ela.

Tamén comenta que se celebraron en Oviedo os XXII Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado que se celebraron baixo o lema: "Escuelas de Éxito, Características y Experiencia". Que acudiron a el membros da comisión permanente e como invitada unha profesora do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, que presentaba o panel coa experiencia seleccionada. Como remate do Encontro elaborouse un documento que ten dúas partes, unha primeira, que recolle información sobre as escolas de éxito e un resumo das experiencias presentadas por cada un dos consellos escolares e, unha segunda, na que se inclúen as conclusións e propostas de mellora.

Trátase o ditame sobre o proxecto de decreto que figura no punto 3 da orde do día. Presentáronse 61 emendas, 3 da Coordinadora Galega de MRP, 2 da Federación Educación e Xestión, 24 de CIG, 3 da Federación Autonómica de Centros de Ensino Privados, 12 de CCOO e 17 de UGT e da Federación Galega de MRP. Catro delas son emendas á totalidade. A Comisión Permanente elaborou un ditame provisorio con cinco puntos.

Comézase o debate polas emendas á totalidade que son rexeitadas.

A continuación débátese sobre o resto das emendas presentadas procedendo finalmente a votación do ditame provisorio que incorpora as emendas aprobadas na sesión. O resultado da votación é de 0 votos a favor, 0 votos en contra e 23 abstencións, polo que non se aproba o ditame, non propoñendo en consecuencia ningunha modificación en relación co referido proxecto de decreto.

Finalmente trátase o ditame sobre os proxectos de decreto que figuran no punto 4 da orde do día. Presentáronse 27 emendas, 7 de CIG e 20 de CCOO. A Comisión Permanente elaborou un ditame provisorio con tres puntos.

Debátense as emendas presentadas e de seguido procedeuse á votación do ditame provisorio que incorpora as emendas que se aprobaron na sesión, ditame que foi rexeitado, non propoñendo en consecuencia ningunha modificación en relación cos referidos proxectos de decreto.

Preséntanse dous rogos e unha pregunta.

4	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	25 de xuño de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 16:30 a 23:30	Asistentes	36 de 45 (80%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3.- Proposta de CONFAPA sobre a homologación dos títulos de ensinanzas artísticas superiores no Espazo Europeo de Educación Superior.
- 4.- Proposta de CONFAPA sobre o mantemento dos libros de texto actuais de cara ao vindeiro curso escolar.
- 5.- Proposta de CIG sobre o mantemento dos libros de texto actuais de cara ao vindeiro curso escolar.
- 6.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Preséntase unha observación á acta que a continuación é aprobada por unanimidade.

Trátase o ditame sobre o proxecto de decreto que figura no punto 2 da orde do día. Presentáronse 118 emendas, 22 de CCOO, 59 de CIG, 6 de CONFAPA, 5 da Federación Galega de MRP, 4 da Federación Autonómica de Centros de Ensino Privados, 2 da Federación Educación e Xestión e 20 de UGT. Catro delas son emendas á totalidade. A Comisión Permanente elaborou un ditame provisorio con seis puntos.

Comézase o debate polas catro emendas á totalidade que son debatidas amplamente e trala oportuna votación son rexeitadas.

A continuación débátese sobre o resto das emendas presentadas procedendo finalmente a votación do ditame provisorio que incorpora as emendas aprobadas na sesión quedando aprobado.

A proposta contida no punto 3 da orde do día apróbase.

A proposta contida no punto 4 da orde do día rexéitase .

A proposta contida no punto 5 da orde do día rexéitase tamén.

Presentáronse dous rogos.

O sr vicepresidente agradeceu a todos a súa paciencia e a súa compostura para esta sesión que, por motivo dos intensos debates realizados, tivo unha duración de 7 horas.

3.2 ASISTENCIA AS SESIÓNS DE PLENO:

Os 45 membros do Consello Escolar de Galicia tiveron as seguintes asistenciaas ás reunións do pleno:

Profesores do Ensino Público:	18 de 20 posibles
Profesores do Ensino Privado:	11 de 12 posibles
Pais e Nais de Alumnos:	13 de 20 posibles
Persoal de Administración e Servizos	0 de 4 posibles
Titulares de Centros Privados	6 de 8 posibles
Centrais Sindicais	11 de 12 posibles
Organizacións Empresariais	3 de 8 posibles
Profesores propostos polos MRPs	11 de 12 posibles
Administración Educativa	23 de 24 posibles
Administración Local	19 de 32 posibles
Universidade	3 de 8 posibles
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	7 de 8 posibles
Seminario de Estudos Galegos	2 de 4 posibles
Consello da Xuventude de Galicia	0 de 4 posibles
Secretario	4 de 4 posibles

Estas asistenciaas supoñen a seguinte porcentaxe para cada colectivo que se indica:

Profesores do Ensino Público:	90,00%
Profesores do Ensino Privado:	91,60%
Pais e Nais de Alumnos:	68,75%
Persoal de Administración e Servizos	00,00%
Titulares de Centros Privados	75,00%
Centrais Sindicais	91,60%
Organizacións Empresariais	37,50%
Profesores propostos polos MRPs	91,60%
Administración Educativa	95,80%
Administración Local	59,30%
Universidade	37,50%
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	87,50%
Seminario de Estudos Galegos	50,00%
Consello da Xuventude de Galicia	00,00%
Secretario	100,00%

O conxunto dos membros do Consello tivo un total de 131 asistenciaas das 180 posibles o que representa un 72'70 % de asistencia ás sesións convocadas.

3.3 COMISIÓNS PERMANENTES

A Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2013-2014 en once ocasións nas seguintes datas:

REUNIÓNS DA COMISIÓN PERMANENTE

26 de setembro de 2013

25 de novembro de 2013

17 de decembro de 2013

14 de xaneiro de 2014

21 de xaneiro de 2014

18 de febreiro de 2014

18 de marzo de 2014

10 de abril de 2014

3 de xuño de 2014

18 de xuño de 2014

3 de xullo de 2014

1	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	26 de setembro de 2013	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,15	Asistentes	6 de 7 (85.7%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Antes de comezar con este punto da orde do día o Sr. Vicepresidente comenta as últimas substitucións de membros do consello escolar agradecendo aos saíntes o servizo prestado a este Consello e desexando aos entrantes que o seu traballo sexa proveitoso para esta institución e enriquecedor para eles.

A continuación trátanse temas referidos á organización e intendencia relativos ao Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado que se celebrará en Asturias os días 8, 9 e 10 de maio de 2014 para tratar o tema “As escolas de éxito. Características e experiencias”.

O consello debe seleccionar unha experiencia dunha escola de éxito na nosa Comunidade Autónoma, unha escola que aplicando metodoloxías ou cunha pedagogía novidosa ou diferente avanzou de modo significativo cara a consecución do seu obxectivo educativo. Non se trata de presentar a un profesor de éxito nin unha política educativa de éxito, debe ser unha experiencia propia de centro, un conxunto de profesores dun centro ou un conxunto de centros que conseguen mellorar significativamente os seus resultados a través das súas propostas educativas.

Finalmente dá conta de que a Xunta de Participación Autonómica está elaborando un estudo sobre a participación educativa e a implicación das familias na educación escolar dos seus fillos. Consta dunha parte teórica e dunha parte empírica. Na parte teórica están traballando xa tres grupos de expertos, un da Universidade Complutense de Madrid, outro da Universidade de Navarra e un terceiro da Universidade de Murcia.

Non hai rogos nin preguntas, aínda que si algunhas observacións.

2	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	25 de novembro de 2013	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30 horas	Asistentes	5 de 7 (71,4%)

ORDE DO DÍA

- 1.-Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
 - a) Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado – Asturias.
 - b) Estudo sobre a participación educativa.
- 3.- Ditame para os 9 proxectos de decretos polos que se establecen os currículos de novos títulos de formación profesional.
- 4.- Memoria de actividades. Curso 2012-2013
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións. Acórdase aprobar a acta por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa sobre un cambio no cronograma en relación coa organización da XXII Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado que terá lugar en Asturias en maio 2014. Comunica a relación de centros que van ser invitados a participar na selección dun centro que, coma escola de éxito, represente ao Consello Escolar de Galicia nese acto. Estes centros terán de prazo ata o día 8 de xaneiro para enviar os textos descritivos.

Sobre o estudo da participación educativa informa que xa se realizaron as enquisas nos centros galegos e que este traballo de campo pode cualificarse de exitoso. Todo o material xa foi entregado ao grupo investigador.

En relación co ditame sobre os proxectos de decreto que figuran no punto 3 da orde do día informa que se presentaron 23 emendas, 8 de CCOO, 10 de CIG e 5 de UGT. Debátense as emendas aos distintos decretos e ao remate da sesión elabórase un ditame provisorio que se acorda elevar ao Pleno para a súa consideración.

Informa que a Memoria de actividades do curso 2012-2013 foi elaborada ao igual que nos anos anteriores e que contén os apartados habituais de composición do consello con indicación das altas e baixas que se produciron durante ese curso; a actividade centrada nas sesións celebradas, tanto de plenos como de comisións permanentes; os proxectos normativos que foron remitidos ao consello para a súa análise e informe, xunto cos ditames elaborados, a participación en actos, congresos e reunións e un resumo económico.

Logo de estudala acórdase remitila ao pleno para a súa aprobación.

Non se presentaron rogos nin preguntas

3	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	17 de decembro de 2013	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 17 a 20	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior polo que se aproba por unanimidade.

En relación co proxecto de decreto que figura no punto 2 da orde do día o sr. Vicepresidente informa que se presentaron 84 emendas, 16 de CCOO, 9 de UGT, 1 de FSIE, 39 de CIG, 10 da Coordinadora Galega de MRP (Sr. Ramos) e 9 de CECE, unha delas é unha emenda á totalidade. Debátense as emendas e ao remate da sesión elabórase un ditame provisorio que se acorda elevar ao Pleno para a súa consideración.

Presentouse un rogo.

4	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	14 de xaneiro de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	5 de 7 (71,4%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Selección do centro coa mellor experiencia de “escola de éxito”, para o Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado: distribución dos traballos presentados.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente comenta que se publicaron dous decretos de substitución de membros do Consello Escolar de Galicia. Aos cesantes agradécelles o seu traballo neste Consello. Aos que se nomean dálles a benvida e deséxalles que o seu traballo sexa proveitoso para o Consello e enriquecedor para eles.

En relación coa experiencia de escola de éxito comenta que se enviou a invitación a vinte e tres centros educativos para que, caso de estar interesados, enviaran experiencias de éxito. Da totalidade de centros invitados só enviaron experiencias 11 centros.

Procédese á distribución da documentación e acórdanse os criterios para a valoración das experiencias presentadas. Todas elas seguen o esquema que se lles enviou aos centros coa finalidade de facilitar a transferencia de coñecementos e a comparación entre as diferentes experiencias. Para a lectura e puntuación das experiencias, o Sr. Vicepresidente fai entrega dunha plantilla para facilitar os traballos.

Finalmente acórdase facer unha nova reunión da comisión permanente o vindeiro martes, día 21 de xaneiro, co fin de elixir a experiencia que vai representar ao Consello Escolar de Galicia.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

5	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	21 de xaneiro de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	5 de 7 (71,4%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Selección do centro coa mellor experiencia de “escola de éxito”, para o Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Procédese a continuación ao debate sobre as experiencias presentadas polos once centros educativos que participaron na invitación realizada polo Consello Escolar de Galicia e logo dun debate procédese a puntuar cada unha das experiencias resultando mellor puntuada a experiencia presentada polo IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, titulada “Los premios San Clemente y Bento Spinoza: una apuesta por los sueños y por la lectura”.

Esta experiencia será a que represente ao Consello Escolar de Galicia no XXII Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado que se celebrará en Asturias en maio de 2014.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

6	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	18 de febreiro de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia:
 - Sobre as actuacións a realizar segundo o cronograma preparatorio dos Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
 - Estudo sobre a participación educativa.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que a Xunta de Participación Autonómica acordou aprobar o borrador número 3 do documento titulado "*Las escuelas de éxito. Características y experiencias*". Tamén recorda que a primeira parte dese borrador xa fora entregado na Comisión permanente.

Este documento empeza agora o seu recorrido polos diferentes consellos escolares para ser enriquecido coas achegas dos membros dos consellos. Así que será enviado de inmediato a todos os membros do consello para que poidan facer as súas aportacións antes do día 14 de marzo. A continuación a comisión permanente estudará e aprobará as achegas que considere pertinentes e o día 19 de marzo remitirase o documento de achegas do Consello Escolar de Galicia ao Consello Escolar do Estado.

A continuación procédese ao estudo do programa de actividades do Encontro.

En relación co estudo da participación educativa comenta o Sr. Vicepresidente que se pode considerar como moi exitosa a actuación realizada nos centros de todo o Estado para a recollida de material. Participaron 235 centros, o que representa o 95% daqueles que foron invitados para a realización das enquisas. Dispónse de 15.000 enquisas as familias, ademais das dos directores e dos titores. Logo de facer a explotación por parte dos técnicos e de que a Xunta de Participación termine a súa investigación farase pública a base de datos para que poida ser utilizada por outros investigadores. Comenta que os investigadores están moi ilusionados pola gran cantidade de material que se recolleu. A partir de marzo terán que empezar a producir textos que logo de filtrados deberán pasar a formar parte do documento final, que, se todo vai como está previsto, poderá estar terminado no mes de outubro.

Informa finalmente sobre a organización por parte de Atresmedia, que engloba A3, la Sexta e Onda Cero, dun concurso dirixido a alumnos de 12 a 17 anos e titulado "*Te toca*".

Non se presentaron rogos nin preguntas.

7	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	18 de marzo de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	6 de 7 (85,7%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Valoración das propostas achegadas ao documento "As escolas de éxito, características e experiencias " – Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que non houbo observacións dentro do prazo ao documento "*Las escuelas de éxito. Características y experiencias*". Fóra de prazo chegaron unhas propostas do Sr. Fuentes Fariña, de CCOO. Todos os presentes están de acordo en aceptalas e valoralas.

Debátese sobre as mesmas e acórdase non aceptalas para seren remitidas como proposta, pero si se acepta telas en conta para que, no caso de que se debata esa cuestión ou algunha similar, tanto na reunión da XPA coma no propio Encontro, facer algunha proposta en nome do consello.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

8	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	10 de abril de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os proxectos seguintes:
 - Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de Técnico Deportivo en Salvamento e Socorrismo.
 - Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía.
 - Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Gráfica Publicitaria.
 - Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente comenta que se publicou un decreto de substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia. Ao cesante agradécelle o seu traballo neste Consello. Ao que se nomea dálle a benvida e deséxalle que o seu traballo sexa proveitoso para o Consello e enriquecedor para el.

No referente ao Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado comenta que xa se aprobou o documento definitivo e que houbo poucos cambios con respecto ao que había. O Sr. Vicepresidente entrega ese novo documento. Comenta tamén que levará un anexo coas cinco experiencias. Así mesmo comenta que posteriormente serán publicadas na revista do Consello Escolar do Estado.

Entrega tamén o programa dos encontros. Coméntase o seu contido.

En relación co ditame sobre os proxectos de decreto que figuran no punto 3 da orde do día informa que se presentaron 27 emendas, 7 de CIG e 20 de CCOO. Debátense as emendas e ao remate da sesión elabórase un ditame provisorio que se acorda elevar ao Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas, aínda que si algunhas observacións.

9	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	3 de xuño de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19,15	Asistentes	6 de 7 (85,7%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente comenta que os Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado que se celebraron en Oviedo do 8 ao 10 de maio desenvolvéronse con total normalidade e tal e como estaba previsto.

Xa enviaron o documento definitivo no que se inclúen as conclusións e propostas de mellora. Algunhas das propostas xa eran coñecidas antes dos encontros, logo alí incorporáronse outras con motivo das propostas formuladas polas delegacións.

O documento está subido á páxina web do Consello e enviouse un link a todos os membros para que tiveran acceso a el.

En relación co ditame sobre o proxecto de decreto que figura no punto 3 da orde do día informa que se presentaron un total de 61 emendas, 3 da Coordinadora Galega de MRP, 2 da Federación Educación e Xestión, 24 de CIG, 3 da Federación Autonómica de Centros de Ensino Privados, 12 de CCOO e 17 de UGT e da Federación Galega de MRP. Delas 4 son emendas á totalidade.

Debátense as emendas e ao remate da sesión elabórase un ditame provisorio que se acorda elevar ao Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas, aínda que si algunhas observacións.

10	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	18 de xuño de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19,05	Asistentes	6 de 7 (85,7%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Proposta de CONFAPA para incorporación á sesión do próximo Pleno sobre a homologación dos títulos de ensinanzas artísticas superiores no Espazo Europeo de Educación Superior.
- 3.- Proposta de CONFAPA para incorporación á sesión do próximo Pleno sobre o mantemento dos libros de texto actuais de cara ao vindeiro curso escolar.
- 4.- Proposta de CIG para incorporación á sesión do próximo Pleno sobre o mantemento dos libros de texto actuais de cara ao vindeiro curso escolar.
- 5.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 6.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Preséntase unha observación e a continuación é aprobada a acta por unanimidade.

No referente ás propostas presentadas por CONFAPA e pola CIGA que figuran nos puntos 2, 3 e 4 da orde do día, logo de debater sobre elas, acórdase elevalas ao pleno para a súa consideración.

En relación co ditame sobre o proxecto de decreto que figura no punto 5 da orde do día informa que se presentaron un total de 118 emendas, 22 de CCOO, 59 de CIG, 6 de CONFAPA, 5 da Federación Galega de MRP, 4 da Federación de Centros do Ensino Privado, 2 da Federación Educación e Xestión e 20 de UGT. Delas 4 son emendas á totalidade .

Debátense as emendas e ao remate da sesión elabórase un ditame provisorio que se acorda elevar ao Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

11	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	3 de xullo de 2014	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	5 de 7 (71,4%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Análise do XXII Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 3.- Preparación dos XXIII Encontros.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente comenta que na análise dos encontros que se fixo o último día do Encontro en Asturias entre os membros da comisión permanente asistentes, acordouse aportar catro aspectos a mellorar na realización das sesións.

- Que haxa exposición de todas as experiencias que se presenten, non só dunhas cantas como aconteceu nos encontros que so se expuxeron as 5 seleccionadas.
- Deixar tempo no programa para a participación dos membros dos consellos escolares, en sesión plenaria.
- Organizar doutra forma a exposición dos paneis, sobre todo deixando tempos para que se poidan visitar. Nos encontros a exposición foi pouco operativa e de escasa relevancia.
- Dar máis protagonismo ao Consello Escolar anfitrión, dado que se organiza na súa Comunidade Autónoma.

Acórdase que estas propostas, que se fixeron no Encontro, sexan levadas á Xunta de Participación Autonómica.

Así mesmo acórdase a proposta de temas para o seguinte Encontro: “As linguas estranxeiras no sistema educativo” e “A avaliación do sistema educativo: éxito e fracaso”.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

3.4 ASISTENCIA ÁS SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Os 7 dos membros da comisión permanente do consello tiveron un total de 66 asistencias das 77 posibles o que representa unha asistencia do 85,70% nas sesións convocadas.

3.5 APROBACIÓN DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA DO CURSO 2012-2013.

Na sesión do pleno do Consello Escolar de Galicia, celebrada o día 11 de decembro de 2013, aprobouse a Memoria de Actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2012-2013.

Competencias do Consello Escolar e do seu presidente

4

COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR E DO SEU PRESIDENTE

O artigo 9 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, establece cales son as funcións do Consello Escolar de Galicia:

1. O Consello Escolar de Galicia será consultado preceptivamente, dentro do ámbito das súas competencias, sobre as seguintes cuestións:

a) Anteprojectos de lei e proxectos de disposicións xerais de ámbito educativo que haxan de ser sometidos á aprobación do Consello da Xunta de Galicia.

b) Programación xeral do ensino, especialmente nos aspectos relativos á creación e distribución territorial dos centros docentes dos niveis educativos non universitarios.

c) Creación de centros docentes de carácter experimental de réxime especial.

d) Normas xerais verbo das construcións e equipamentos escolares.

e) Plan de renovación educativa ou aqueloutros de innovacións.

f) Orientación e programas educativos.

g) Disposición e actuacións xerais encamiñadas a mellorar a calidade do ensino e a súa adecuación á realidade social e cultural galega, así como aquelas accións destinadas a compensar as desigualdades e as eivas sociais, territoriais ou individuais da poboación que hai que escolarizar.

h) Criterios xerais para financiamento dos centros públicos e para a concertación dos privados, dentro do marco competencial xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Bases xerais que inspiren a política de bolsas e axudas ao estudo de conformidade coas competencias da Comunidade Autónoma.

l) Convenios entre Administracións Públicas.

2. O Consello Escolar de Galicia poderá formularlle á Consellería de Educación propostas sobre os asuntos relacionados nos apartados anteriores deste artigo, ou sobre calquera outro concernente á mellora da calidade do ensino.

3. A Consellería de Educación poderá someter á consideración do Consello cantas cuestións estime pertinentes aínda que non figuren no apartado 1 do presente artigo.

O artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno aprobado polo Decreto 87/1992, de 26 de marzo establece que corresponde á Presidencia do Consello representar ao Consello e dirixir a súa actividade

De acordo co establecido nos puntos 1 e 3 do anterior artigo 9, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitiu ao Consello Escolar de Galicia para o seu ditame 16 proxectos de decreto durante o curso 2013-2014.

Estes proxectos son os seguintes:

1º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de técnico superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.

2º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de técnico en navegación e pesca de litoral.

3º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de técnico en aproveitamento e conservación do medio natural.

4º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de técnico en operacións subacuáticas e hiperbáricas.

5º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de técnico en vídeo, disc-jockey e son.

6º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de técnico superior en transporte e loxística.

7º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de técnico superior en acuicultura.

8º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de técnico superior en marketing e publicidade.

9º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de técnico en mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións.

10º.- Proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

11º.- Proxecto de decreto polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

12º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de artes plásticas e deseño en fotografía.

13º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de artes plásticas e deseño en gráfica publicitaria.

14º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de artes plásticas e deseño en ilustración.

15º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo.

16º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Ditames elaborados

5

DITAMES ELABORADOS NO CURSO 2013-2014

Foron realizados 5 ditames:

Dous de forma conxunta, un deles para 9 proxectos de decreto, e outro para 4.

Tres de forma singular para cadanseu proxecto de decreto.

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

Técnico superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.
Técnico en navegación e pesca de litoral.
Técnico en aproveitamento e conservación do medio natural.
Técnico en operacións subacuáticas e hiperbáricas.
Técnico en vídeo, disc-jockey e son.
Técnico superior en transporte e loxística.
Técnico superior en acuicultura.
Técnico superior en marketing e publicidade.
Técnico en mantemento e control de maquinaria de buques e embarcacións.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 11 de decembro de 2013, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de nove novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
- Así mesmo, recoméndalle que se adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”**.
- Por último, propón un texto de substitución para o artigo 13º dos proxectos de decreto de ciclos formativos de grao superior. O texto quedaría como segue: **“Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursara a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía, o bacharelato científico ou o bacharelato tecnolóxico”**.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO, DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN NA COMUNIDADE EDUCATIVA EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 16 de xaneiro de 2014, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación na comunidade educativa, en materia de convivencia escolar.

1. O Consello Escolar de Galicia propón que no parágrafo décimo quinto da exposición de motivos, se inclúa o texto en negriña: “En consecuencia, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, **consultado o Consello Escolar de Galicia**, logo do ditame do Consello Consultivo de Galicia e da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do..... de..... de dous mil trece”. *Páxinas 3-4.*
2. Para o apartado d) do punto 2, do artigo 3, proponse unha nova redacción que quedaría da seguinte forma: “**O recoñecemento ao profesorado das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións**”. *Páxina 5, liñas 8 a 11.*
3. Tamén se propón no artigo 3 a inclusión dun novo punto. Sería o punto 3 e o texto o seguinte: “**Desenvolvemento dos valores e da práctica dunha cidadanía responsable, asentada nunha cultura cívica e nos valores de respecto e tolerancia, así como nos hábitos democráticos de convivencia.**

A promoción e a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

A toma de conciencia da existencia de conflitos en todos os ámbitos da vida e da necesidade de resolvelos de maneira pacífica, impulsando a adquisición de competencia e habilidades sociais que favorezan a resolución pacífica de conflitos.

A toma de conciencia da existencia dos conflitos en todos os ámbitos da vida e da necesidade de afrontalos de modo non violento, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a resolución pacífica de conflitos.

Fornecemento da formación necesaria para que os profesionais da educación poidan avanzar na comprensión da natureza deste fenómeno e no coñecemento de procedementos e estratexias que contribúan á súa mellora.

Impulso dos programas de prevención da conflitividade e da violencia nos centros docentes e a promoción da posta en práctica de accións educativas que redunden na mellora do clima escolar dos centros educativos, favorecendo a súa difusión, o intercambio de experiencias, e o aproveitamento de materiais e recursos.

A promoción real da conciliación da vida familiar coa vida laboral durante a escolaridade obrigatoria do alumnado. Establecer o dereito do traballador e da traballadora á ausencia do posto de traballo para entrevistas co titor ou titora do seu fillo/a, cando non existise compatibilidade horaria.

Establecemento, en todos os centros educativos, de medidas de atención á diversidade, coa dotación do profesorado necesario, establecendo os apoios e os reforzos necesarios para garantir a atención personalizada, a diversificación curricular e a educación adecuada ao alumnado emigrante". *Páxina 5, liña 24.*

4. No primeiro parágrafo do artigo 5, onde di: "O Consello escolar do centro educativo ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, terá ás seguintes"; propónse que diga: "**O Consello escolar do centro educativo, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, respectivamente, terá ás seguintes:"** *Páxina 6, liñas 6-7.*
5. Nese mesmo artigo 5, propónse a inclusión dun novo apartado co seguinte texto: "**f) Elaborar, de ser o caso, o Plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da Comisión de convivencia, mentres non estea constituída".** *Páxina 6, liña 19.*
6. No punto 2 do artigo 6, propónse a substitución da expresión: "**pola persoa titular do centro"**"; pola seguinte: "**tamén por un representante da titularidade do centro".** *Páxina 6, liña 32.*
7. Nese mesmo punto do artigo 6, propónse a inclusión da seguinte expresión ao final do parágrafo: "**O xefa ou xefe do departamento de orientación da cada centro formará parte da comisión de convivencia".** *Páxina 6, liña 39.*
8. No apartado b) do punto 4, do artigo 6, propónse unha nova redacción co seguinte texto: "**Adoptar ou propoñer a adopción das medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro".** *Páxina 7, liñas 15 a 17.*

-
9. No punto 5 dese mesmo artigo, propónse a supresión da seguinte expresión: **“do departamento de orientación”**. Páxina 8, liña 2.
10. Tamén se propón a inclusión dun novo punto nese artigo. O texto do novo punto é o seguinte: **“6. O profesorado terá unha redución horaria para realizar funcións da Comisión de convivencia e as derivadas das súas decisións”**. Páxina 8, liña 7.
11. No punto 1 do artigo 8 propónse a supresión do seguinte apartado: **“ a) Elaborar, de ser o caso, o Plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da Comisión de convivencia, mentres non estea constituída”**. Páxina 8, liñas 24 a 28.
12. No mesmo artigo 8, propónse a inclusión dun novo punto co seguinte texto: **“5. En todo caso, a Administración garantizará todos os recursos materiais e humanos, que sexa necesarios para garantir as condicións e para facilitar a convivencia”**. Páxina 9, liña 19.
13. No apartado c do punto 2, do artigo 10, propónse un texto de adición despois da expresión: **“elixidos por este”**; co seguinte texto: **“entre os que se garantizará un representante de cada un dos sectores”**. Páxina 10, liña 15.
14. Para o punto 5 do artigo 10, propónse a inclusión de dous novos apartados: **“j) Elaborar un modelo xeral de plan de convivencia coa finalidade de facilitar o traballo aos centros.**
- k) Elaborar ou propoñer un protocolo xeral para a prevención, deteccións e tratamento de situacións de acoso escolar do que se fala no artigo 15, punto 3, e no artigo 28, punto 1”**. Páxina 12, liña 9.
15. No punto 6 do mesmo artigo, propónse a supresión do seguinte apartado **“e) Realizar cantas outras funcións lle sexan encomendadas pola Consellería con competencias en materia de educación para a mellora da convivencia escolar”**. Páxina 12, liñas 23 a 25.
16. No punto 4 do artigo 11, propónse a supresión da seguinte expresión: **“tendo en conta as súas peculiaridades”**. Páxina 14, liñas 23-24.
17. O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo artigo antes do artigo 18. O título do mesmo sería: **“Recursos e medios necesarios para facilitar a prevención da conflictividade e da convivencia escolar”**. O texto articulado dese novo artigo sería: **“A Consellería adoptará as seguintes medidas:**
- . A redución das rateos a 15 alumnos/as por aula en educación infantil e 20 en primaria e secundaria, contabilizando sempre o alumnado**

repetidor e reducindo estas rateos cando se escolarice alumnado con necesidades educativas especiais.

- . **A garantía de desdobres e/ou grupos reducidos por debaixo das rateos establecidas para paliar situacións de grave deterioro da convivencia nos centros, coa conseguinte dotación de profesorado necesario.**
- . **A ampliación da figura de xefe de departamento de Orientación a todos os centros de educación primaria, educación infantil e primaria de 6 ou máis unidades.**
- . **A dotación de novos postos de orientador/a nos centros onde sexa necesario.**
- . **A ampliación da rede de equipos de Orientación Específica e o número de especialistas e de perfís nos actuais equipos específicos.**
- . **Establecemento das medidas precisas (redución horaria, formación específica, etc.) para impulsar a tutoría como primeiro nivel de actuación no campo da orientación e atender a súa formación para a resolución de posíbeis problemas de convivencia.**
- . **O deseño dun plan de formación de profesorado para adquirir a formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar, facilitando a asistencia a estas actividades formativas dentro do horario lectivo.**
- . **A introdución, na formación inicial dos docentes, de contidos curriculares que leven á prevención e á mediación pacífica dos conflitos.**
- . **Apoio e promoción da implicación do profesorado en actividades e experiencias de innovación educativa, tendentes a mellorar a convivencia nos centros educativos.**
- . **Tratamento transversal do tema da convivencia escolar como única opción válida e con posibilidades de éxito.**
- . **Unha maior implicación e participación do alumnado (a través dos delegados e delegadas de aula e xunta de delegados/as) nas normas de convivencia, mediación de conflitos, propostas de actividades, etc. Promover que o alumnado teña maior participación e implicación nas decisións do centro. Dar participación ao alumnado na elaboración das pautas de convivencia do centro, na mediación escolar e nos seus deberes respecto a unha conduta respectuosa cos seus iguais e cos adultos.**

- . **Potenciación das medidas de resolución dialogada de conflitos fronte a medidas puramente represivas.**
- . **Propiciar a participación dos pais e das nais en cursos específicos de prevención, detección e solución de problemas relacionados coa convivencia.**
- . **Dotación aos centros docentes doutros perfís profesionais, como educadores sociais, traballadores sociais, etc.**
- . **Elaboración dun plan de actuación sobre o fracaso escolar con medidas concretas e os investimentos necesarios.**
- . **A promoción de medidas compensatorias para grupos excluídos socialmente.**
- . **A formación permanente para todos os colectivos do ámbito educativo sobre habilidades sociais e de comunicación, resolución de conflitos, traballo cooperativo, mediación escolar etc.**

18. No artigo 19, propónse a supresión do punto 3. O texto é o seguinte: **“Poderán incluír previsións sobre a vestimenta do alumnado no centro docente ou o xeito de presentarse neste, orientadas a garantir que non atenten contra a súa dignidade, non supoñan unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impidan ou dificulten a normal participación do alumnado nas actividades docentes”**. *Páxina 19, liñas 32 a 37.*

19. No punto 2 do artigo 22, propónse a inclusión do texto que está en negra: **“No marco dos seus plans de convivencia, os centros docentes establecerán as actuacións correspondentes, **cos medios e recursos necesarios fornecidos pola Administración**, para a formación do profesorado, o alumnado, as familias e o persoal non docente en materia de convivencia. De ser ó caso, estas actuacións formativas poderán realizarse de forma conxunta”**. *Páxina 21, liñas 13 a 16.*

20. Para o punto 3 dese mesmo artigo, propónse a substitución da expresión: **“Nos plans anuais de formación permanente do profesorado, **poderán incluírse accións** dirixidas...”**; pola seguinte: **“Nos plans anuais de formación permanente do profesorado, **incluiranse accións** dirixidas”**. *Páxina 21, liñas 18-19.*

21. No artigo 24, propónse unha nova redacción para o punto 1. O texto proposto é o seguinte: **“O departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa para que o currículo incorpore a aprendizaxe de competencias sociais coa finalidade de mellorar a integración do alumnado no centro docente”**. *Páxina 22, liñas 3 a 7.*

-
22. O consello Escolar de Galicia, propón a supresión completa do artigo 25. Aula de convivencia inclusiva. *Páxinas 22 e 23, liñas 23 a 41 e 1 a 16, respectivamente.*
23. No artigo 29, proponse a inclusión dun novo apartado co seguinte texto: **“d) Colaboración e coordinación co Servizo Galego de Saúde para a atención ao alumnado que o precise”**. *Páxina 25, liña 7.*
24. No punto 4 do artigo 40, proponse un texto de adición ao final do parágrafo. O texto proposto é o seguinte: **“Esta decisión ten que ser consensuada coa Comisión de convivencia”**. *Páxina 31, liña 35.*
25. Para o artigo 53, punto 2, proponse un texto de adición ao final do segundo parágrafo dese punto, que diga: **“Con este obxecto disporá de redución de xornada lectiva durante o tempo que sexa necesario”**. *Páxina 40, liña 18.*
26. Finalmente, o Consello Escolar de Galicia propón que a comisión técnica encargada de redactar o proxecto de decreto revise unha vez máis o texto para corrixir o que parecen ser erros de redacción, como por exemplo: no artigo 12, apartado f), aparece “la”, cando debería ser “a”. Ou por exemplo, no artigo 44, apartado a), onde di: “da”, debería dicir: “do”.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN ASPECTOS ESPECÍFICOS DA FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DAS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DO SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA E SE ESTABLECEN VINTE E UN CURRÍCULOS DE TÍTULOS PROFESIONAIS BÁSICOS

O día 12 de xuño de 2014 reuniuse o Pleno do Consello Escolar de Galicia para debater as emendas ao proxecto de decreto polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Na sesión sometéronse á votación as emendas presentadas polas organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT, e pola Federación Galega de MRP, Coordinadora Galega de MRP, pola Federación Educación e Xestión e pola Federación Autonómica de Centros de Ensino Privados. Das 61 emendas presentadas 5 foron aceptadas no ditame provisorio elaborado pola Comisión Permanente, 43 foron votadas en contra, 7 decaeron ou foron retiradas polos emendantes, 5 foron votadas a favor da emenda e 1 delas quedou de revisarse pola Administración educativa.

Ao final da votación das emendas, tal como é preceptivo, someteuse a votación o ditame, resultando a votación como segue: votos a favor, 0; votos en contra, 0; abstencións, 23.

Como resultado final o Consello Escolar de Galicia **acorda non aprobar ningún ditame** sobre o proxecto de decreto polo que se regulan aspectos específicos de formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

En consecuencia non se propón ningunha modificación en relación co referido proxecto de decreto.

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS TRES TÍTULOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DOS CICLOS INICIAL E FINAL DE GRAO MEDIO DO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO QUE A SEGUIR SE INDICAN:

- Técnico superior de artes plásticas e deseño en fotografía
- Técnico superior de artes plásticas e deseño en gráfica publicitaria.
- Técnico superior de artes plásticas e deseño en ilustración.
- Técnico deportivo en salvamento e socorrismo.

O día 12 de xuño de 2014 reuniuse o Pleno do Consello Escolar de Galicia para debater as emendas aos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de tres títulos de artes plásticas e deseño (fotografía, gráfica publicitaria e ilustración) e ao proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo.

Na sesión sometéronse á votación as emendas presentadas polas organizacións sindicais CIG e CCOO. Das 27 emendas presentadas 1 foi aceptada no ditame provisorio elaborado pola Comisión Permanente, 15 foron votadas en contra, 10 foron retiradas polos emendantes e 1 foi votada a favor da emenda.

Ao final da votación das emendas, tal como é preceptivo, someteuse a votación o ditame, resultando a votación como segue: votos a favor, 4; votos en contra, 7; abstencións, 13.

Como resultado final o Consello Escolar de Galicia **acorda non aprobar ningún ditame** sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de tres títulos de artes plásticas e deseño (fotografía, gráfica publicitaria e ilustración) e sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondente ao título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo.

En consecuencia non se propón ningunha modificación en relación cos referidos proxectos de decreto.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 25 de xuño de 2014, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. O Consello Escolar de Galicia propón que no apartado **d)** do artigo 3 se inclúa o texto en negriña: “ d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade **nin por outros motivos**”. *Páxinas 7, liñas 6-8.*
2. No apartado m) do artigo 3, propónse un texto de adición ao final do parágrafo. O texto proposto aparece en negriña: “Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas **e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual**”. *Páxina 7, liña 31.*
3. Para o mesmo artigo 3, propónse a inclusión dun novo apartado co seguinte texto: “**p) Valorar as tarefas domésticas e ponderar o hábito de realizalas con independencia do sexo**”. *Páxina 7, liña 37.*
4. No artigo 5, propónse a supresión do apartado “**6º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**”. *Páxina 9, liña 4.*
5. Para o punto 3 do artigo 9 propónse a supresión do texto en negriña: “As actividades escolares desenvolveranse, **cando menos**, ao longo de vinte e cinco horas semanais”. *Páxina 11, liña 1.*
6. No punto 1 do artigo 10, propónse a supresión da palabra en negriña: “O calendario escolar comprenderá **un mínimo de 175 días lectivos**”. *Páxina 11, liña 3.*
7. No punto 3 do artigo 11, parágrafos segundo e terceiro, quedarían redactados como segue a continuación: “**Do mesmo xeito promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a**

xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de todo tipo de violencia.

A programación docente debe comprender en todo caso a prevención da violencia de xénero”. Páxina 11, liñas 23 a 31.

8. No mesmo artigo 11, propónse a supresión do punto 4. **“Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. A administración educativa fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico”**. Páxina 12, liñas 1 a 6.
9. Para o punto 7 do artigo 15, propónse o texto de adición en negriña: **“7. Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre estas medidas que a Consellería garantirá con recursos poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Páxina 16, liñas 29 a 32.**
10. O Consello propón a inclusión dun novo punto no artigo 16, co seguinte texto: **“11. As administracións educativas garantirán e porán a disposición dos centros educativos os recursos necesarios para levar a cabo unha atención á diversidade de calidade”**. Páxina 18, liña 20.
11. Propónse a substitución da expresión: “Artigo 21”, pola seguinte: **“Artigo 20”**. Páxina 19, liña 31.
12. Con respecto ás disposicións adicionais, propónse a inclusión dunha nova que sería a quinta, con este texto: **“A Consellería implantará un sistema de préstamo gratuíto e universal de libros de texto e outros materiais curriculares para todo o alumnado de educación primaria nos centros sostidos con fondos públicos”**. Páxina 21, liña 8.
13. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que é necesario e imprescindible reducir e redistribuír o volume de contidos e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III que establecen o currículo da Educación Primaria nos centros educativos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.
14. No anexo I, materias troncais da Área de Ciencias da natureza, propónse a supresión do texto en negriña do parágrafo segundo: **“O argumento sinalado, que fala dun proceso, deberá permitir a aproximación ao método científico e ao uso das tecnoloxías de maneira secuenciada. Ao ingresar en educación primaria, o período evolutivo fala dun pensamento intuitivo, global e concreto: o**

alumnado non está suxeito a unha previa análise ou dedución lóxica, senón que a súa expresividade nace da intuición ou da percepción sensorial; así inicia o ensino primario cun conxunto de ideas, representacións, coñecementos, habilidades, destrezas e disposicións emocionais e afectivas relacionadas co contorno, que estrutura en forma de esquemas xunto a teorías ou hipóteses que lle permiten dar resposta a todo o que sucede ao seu redor. **Coa aprendizaxe, estes esquemas deben modificarse, achegándose progresivamente a un coñecemento cada vez máis rigoroso e científico para o que será necesario ter en conta un tratamento fenomenolóxico e hermenéutico no método de achegamento ao medio natural. Grazas a fenomenoloxía, aproxímanse á realidade a partires da súa observación para ir desprendéndose da subxectividade propia das idades correspondentes aos primeiros cursos. Por medio da hermenéutica, interpretan a realidade do medio, describen as súas vivencias, as relacións entre elas de xeito individual e de forma colectiva e chegarán á interpretación do vivir nun contorno. O acto de interpretar é universal para a especie humana, faise entre seres comunicantes, implica comprensión e pode ser manifestado en linguaxes diversas.**

A fenomenoloxía e a hermenéutica son metodoloxías que nestas idades son predominantes e previas probablemente pola súa espontaneidade e comparten espazo co método científico. Para lograr que este vaia gañando espazo fomentárase a observación do próximo e inmediato, así como o cuestionamento dos aspectos relacionados co contorno do alumnado para abordar respostas e situacións reais, facendo propostas de ensino-aprendizaxe contextualizadas que lle permitan integrar os novos coñecementos. *Páxina 22, liñas 13 a 36.*

15. No bloque 4 da Área de Ciencias sociais (páxina 98) e no contido B4.5 (páxina 121), propónse a inclusión dun novo contido: **“O Reino Suevo”**.
16. Na mesma Área de Ciencias sociais, contido B4.6, propónse a inclusión dun novo contido: **“Galicia na Idade Contemporánea. Séculos XIX e XX”**. *Páxina 135.*
17. No bloque 3 da Área de Valores sociais e cívicos, B3.12. A convivencia e valores sociais, propónse o texto de adición en negriña: **“Formas de discriminación: racismo, xenofobia, homofobia, transfobia, desigualdade de oportunidades”**. *Páxina 518.*
18. No mesmo bloque 3 da Área de Valores sociais e cívicos, A convivencia e valores sociais, propónse un texto de adición para os cursos 5º e 6º: **“Análise crítica da información facilitada polos diferentes medios de comunicación: o dereito á información versus manipulación informativa”**. *Páxina 522.*
19. Na mesma área que as anteriores, contido B3.18, propónse o texto de adición que está en negriña: **“Os servizos públicos e bens comúns. Defensa, identificación, aprecio, respecto e coidado dos bens comúns e dos servizos**

públicos: contribución dos cidadáns a través dos impostos. A responsabilidade social. A xustiza social. *Páxina 534.*

20. E para o contido B3.24, propónse o texto de adición en negriña: “A publicidade e as súas técnicas. **Análise do sexismo na publicidade.** Influencia nos hábitos de consumo. *Páxina 535.*
21. Na área de Educación artística, contido B1.7, propónse o texto de adición en negriña: “Audición de pezas vocais e instrumentais. **A cantiga escolar**”. *Páxina 585.*
22. Nesa mesma área, propónse un novo texto para o contido B2.7. O texto novo é o seguinte: “**Iniciación ás grafías non convencionais e á notación musical: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra, e como medio de representación da música**”. *Páxina 588.*
23. Tamén se propón nesa área un novo texto para o contido B2.3. O texto é o seguinte: “**Iniciación á fruta doce, ao xilófono ou ao metalófono**”. *Páxina 593.*
24. Nesa mesma área, contido B2.1, propónse a supresión do texto en negriña: “Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono **e canons**, de maneira colectiva,...”. *Páxina 605.*
25. No anexo, Área de lingua galega e literatura, nos bloques de contido, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, eliminar nos cursos de primeiro a sexto as seguintes expresións ou equivalentes: “**respecto polas opcións lingüísticas**”, “**respecto polas opcións lingüísticas dos participantes**”, “**respecto das opcións de quen fala**” e “**respecto ás opcións lingüísticas das demais persoas**”. *Páxinas 626-640.*
26. No 1º curso da Área de lingua galega e literatura, propónse a inclusión dun novo contido: “**Adquisición das destrezas de lecto-escritura**”. *Páxina 637.*
27. Nesa mesma área, no estándar LGB4.8.1 (5º e 6º curso), propónse a inclusión do texto en negriña: “Coñece, de xeito xeral, as características máis relevantes (históricas, socioculturais, **sociolingüística**...) da lingua galega. *Páxinas 712 e 737.*
28. Por último, o Consello Escolar de Galicia propón que no anexo, Área de lingua galega e literatura, 1º, 2º, e 5º, se suprima en todo o currículo de lingua galega a expresión: “**en lingua galega**” (exemplos: LGB2.5.1 / LGB2.6.1 / LGB2.9.1...) *Páxinas 631-645-703, ...*

Participación en actos, congresos, reunións

6

REPRESENTACIÓN NOS SEGUENTES EVENTOS:

De acordo co establecido no artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno o vicepresidente do Consello Escolar de Galicia representou a este Consello asistindo e participando nos actos e reunións que a continuación se sinalan:

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 23 de setembro de 2013.

Reunión do Pleno do Consello Escolar do Estado celebrada en Madrid o día 24 de setembro de 2013.

XV Diálogo de Educación organizado por COFAPA coa intervención de dona Talana Bradley, directora do YWLS de Brooklyn, celebrado en Madrid o día 8 de outubro de 2013.

Xornada Familia/Escola: Convivencia positiva e Prevención do Acoso escolar, organizada por CONFAPA-GALICIA e celebrada na Coruña o día 19 de outubro de 2013.

Acto do 35 aniversario de ACADE e entrega de premios “Educación y Libertad” celebrado en Madrid o día 8 de novembro de 2013.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid os días 14 e 15 de novembro de 2013.

Recepción municipal en Santiago de Compostela con motivo da celebración do Nadal 2013, celebrada en Santiago o día 18 de decembro de 2013.

Presentación da revista Galegos/Gallegos, organizada pola Deputación de Pontevedra e celebrada en Pontevedra o día 30 de decembro de 2013.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Murcia os días 13 e 14 de febreiro de 2014.

Presentación da “Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 Galicia” organizada pola Consellería de Economía e Industria e celebrada en Santiago de Compostela o día 25 de marzo de 2014.

Congreso PISA. “Evaluación por ordenador y resolución de problemas” organizado polo INEE e celebrado en Madrid os días 1 e 2 de abril de 2014.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 2 de abril de 2014.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid os días 10 e 11 de xullo de 2014.

Así mesmo, o vicepresidente do Consello Escolar de Galicia e catro membros da Comisión Permanente participaron no XXII Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado celebrado en Oviedo os días 8, 9 e 10 de maio de 2014, Encontro no que se aprobou o informe titulado "Las escuelas de éxito. Características y experiencias" que foi remitido ao Ministerio de Educación e ás Consellerías de Educación das Comunidades Autónomas para a súa consideración.

O Encontro aglutinou a robusta evidencia empírica internacional dispoñible a este respecto, as experiencias máis destacadas dos centros escolares do noso país e a decantación das análises e reflexións que efectuaron en toda España os diferentes sectores da comunidade educativa representados nos 17 Consellos Escolares Autonómicos e no do Estado.

Resumo económico

7

RESUMO ECONÓMICO

Gastos facturados pola Oficina Técnica	Importe ano 2013
Mantemento xeral	2.553,92
Vixilancia e seguridade	14.289,81
Electricidade	2.043,55
Gasóleo	1.200,70
Limpeza	8.006,50
Auga	137,23
<i>Suma Parcial</i>	28.231,71

Reunións Comisións	
Comisións permanentes e outras Comisións	4.071,35
Plenos	6.739,13
<i>Suma Parcial</i>	10.810,48

Informes e Estudos	
Publicación de Informe sobre o estado e situación do sistema educativo	0,00
Publicación cartel eleccións consellos escolares	0,00
<i>Suma Parcial</i>	0,00

Gastos Xornadas Consellos Escolares	
Xornadas Anuais de Consellos Escolares de C.A. - Estado	0,00
Xornadas organizadas polo Consello	0,00
<i>Suma Parcial</i>	0,00

Retribución dietas	
Dietas	4.430,11
<i>Suma Parcial</i>	4.430,11

Outros gastos	
Fotocopiadora e fax	1.272,16
Augas e coffe breack	0,00
Material de oficina	0,00
Subscripción revistas	0,00
Correos	0,00
Teléfono	0,00
Outros	0,00
<i>Suma Parcial</i>	1.272,16

Suma total	44.744,86
-------------------------	------------------

